



Federación Galega
de Caza

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA	
REXISTRO XERAL	
ENTRADA Nº	_____
SAÍDA Nº	32
DATA	08/02//2008

Presidente

Santiago, 8 de febreiro de 2008

SR PRESIDENTE DA SOCIEDADE DE CAZA

Estimado Presidente:

Como seguramente xa coñeces, no pasado mes de decembro, aprobouse no Congreso dos Deputados a Lei de Patrimonio Natural e Biodiversidade. Esta Lei substitúe á Lei 4/89 de Conservación dos Espacios Naturais e da Flora e Fauna Silvestre. A importacia da Lei de Patrimonio para os cazadores vén dada por ser a que regula a nivel estatal as liñas básicas de determinados aspectos da caza, aínda que estes sexan competencias das Autonomías, e dos espazos e natureza, que no caso de Galicia sumárase á Lei existente, 9/2001 de Conservación da Natureza.

Non cabe dúbida, de que, como toda lei, ten aspectos positivos e negativos, vista desde a óptica dos cazadores. Unha das maiores críticas a facer sería que non contou coa opinión dos cazadores na súa redación, sendo un dos sectores obxecto de regulación na lei, ademais dun numeroso colectivo que conta con representación propia, e que, por tanto, debería ser interlocutor no Ministerio de Medio Ambiente.

Froito deses desencontros o pasado 13 de novembro varias organizacións relacionadas coa caza e coa agricultura (RFEC, APROCA, ASAJA, ONC, etc.) fixeron unha declaración pública en contra da lei, propoñendo a convocatoria dunha manifestación para “primeros de marzo”.

A Real Federación Española de Caza tiña convocada unha reunión da súa Xunta Directiva e do Comité Interautonómico para o día 23 de novembro. Como era previsible que os presidentes autonómicos tiveran que expresar a súa postura sobre esa convocatoria, o Presidente da Federación Galega de Caza convocaba con carácter de urxencia unha reunión da súa Xunta Directiva para o 22 de novembro, con este único punto na orde do día. A X.D. da FGC, por unanimidade, acordaba que a data proposta -1º de marzo- non era axeitada para realizar ningún tipo de acto reivindicativo, debido a que nesas datas, a unha semana das votacións para as eleccións xerais, a campaña electoral estará en pleno ecuador, e aínda podendo ter a mellor das intencións poderíase percibir polos cazadores e pola opinión pública en xeral como un posicionamento partidario, a favor ou en contra. Este acordo que, como dicimos foi adoptado por unanimidade da Xunta Directiva da Federación Galega de Caza, foi a posición defendida, polo que subscribe, ao día seguinte ante a Real Federación Española de Caza, postura, por certo, apoiada polo Presidente da RFEC, tal e como consta na acta correspondente.

O día 29 de novembro reúnenos novamente as organizacións convocantes, antes mencionadas, relacionadas coa caza e a agricultura, e acordan xa, de xeito formal, convocar unha manifestación para o día 1 de marzo.

Con data 19 de decembro reúnenos novamente a Xunta Directiva da Federación Galega de Caza para tratar, entre outros asuntos, a convocatoria da manifestación. Durante a reunión infórmase que a asesoría xurídica está a elaborar un informe sobre a Lei obxecto de controversia; dito informe será exposto nunha próxima reunión, sen embargo faise unha análise dos aspectos máis novidosos e constátase que a Lei de Conservación Galega, vixente dende o ano 2001, recolle xa unha parte das novidades da Lei de Patrimonio. Existen aspectos que poden ser de moito interese para outras Comunidades Autónomas polo tipo de caza que se practica. Obsérvase tamén que hai outras partes da lei que nos afectarán en función dos criterios que aplique a nosa comunidade autónoma. Asemade, aprécianse artigos que modifican a situación anterior e mesmo algúns cunha redación pouco afortunada, que mesmo poderían dar lugar á inseguridade xurídica, entre os que cabe mencionar os que conteñen termos como “munición de plomo (chumbo)” e “zonas húmidas”. Sobre a redación dos referidos artigos, que podería dar lugar a interpretacións erradas, xa se mantiveron encontros coa Consellería de Medio Ambiente, para que mediante algún tipo de norma se poida solventar esa inconcreción da lei na Comunidade Galega.

Trala exhaustiva análise da Lei, e vista a data oficial da manifestación, acórdase por unanimidade manifestar o desacordo coa data da concentración. Por tanto, a Xunta Directiva da FGC, non asistirá á manifestación do día 1 de marzo; pero si trasladará ás sociedades de caza toda a información sobre a Lei para que os cazadores galegos decidan en liberdade o que queiran facer sobre o particular. A RFEC como convocante xa acordou informar ás sociedades de caza.

Este acordo e posición é o que a FGC mantén na reunión da RFEC do día 10 de xaneiro.


O pasado 30 de xaneiro en reunión de Xunta Directiva e de Comisión Delegada da FGC, estudouse o informe da asesoría xurídica sobre a Lei de Patrimonio, documento que aproveitamos para enviarte xunto co presente escrito. Nas reunións anteriores tamén se informou da entrevista mantida co Conselleiro de Medio Ambiente, na que, entre outros asuntos, informaba á FGC que, tal e como se solicitara, a Consellería recollería o máis axiña posible nunha norma clarificadora o concepto “munición”, para que en Galicia queden excluídas desas prohibicións as balas, así como o listado de “zonas húmidas” que estarán afectadas para a prohibición de munición de chumbo (achegámoste tamén copia deste compromiso).

Como Presidente da FGC estou convencido de que tomamos a decisión máis xusta, acertada e responsable para os cazadores galegos, pois a Federación, como institución independente, non debe tomar posicións, ben sexa polo contido ou pola data, que poidan confundirse con posicións partidarias. Creo que esa independencia, nunha data como a do 1 de marzo, debe vir avalada pola neutralidade, que, non ten por que ser sinónimo de equidistancia ante as posicións que os diferentes partidos manteñan sobre a caza, o medio ambiente ou calquera tema que nos afecte como cazadores.

A reflexión que acabo de expoñerte fixémosla nos órganos que correspondía para, na medida das nosas posibilidades, evitar poñer aos cazadores na tesitura de ter que decidir entre posicións reivindicativas lexítimas ou ter que evitalas porque estas puideran ser confundidas con intervencións partidarias na campaña electoral. Por tanto, a FGC respecta a decisión adoptada, entre outros, pola RFEC pero non a comprende nin a comparte.

Como sempre, a FGC está a disposición das sociedades de caza e dos cazadores para calquera outra información, aclaración e para as xestións que precisen sobre o tema.

Sen outro particular, aproveito a ocasión para saudarte afectuosamente.



Asdo.: José María Gómez Cortón
PRESIDENTE

Anexos:

- Lei de Patrimonio
- Lei de Conservación galega
- Informe da Asesoría Xurídica
- Comunicación da Consellería de M.A.
- Información que nos achega a RFEC